

Expte: 2031-232  
Retirai: 27-10-2023

CONCELLO  
DE VIGO



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

ASUNTO: RESOLUCIÓN INCIDENTE DE RECUSACIÓN.

### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

#### ANTECEDENTES

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 11/08/2022, foron aprobadas as Bases Específicas reguladoras da convocatoria dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas OEP dos anos 2017, 2018, e 2019 da 3ª Fase da Convocatoria, que inclúe entre outras, catro prazas de administrativa/o de administración xeral (unha pola quenda libre e tres reservadas para a quenda de promoción interna, unha delas reservada a persoas con diversidade funcional) - BOPPO 20/09/2022, DOG 14/10/2022-.

II.- Por Resolución de 14/10/2022 (BOE 27/10/2022) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión de entre outras, das prazas de administrativo de administración xeral.

III.- Por acordo de XGL de data 08/06/2023 (BOPPO nº 129 de 05/07/2023) aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, lugar e data da primeira proba da OEP 2017, 2018, 2019 3ª fase.

IV.- Por Resolución da concelleira delegada competente en materia de persoal, de 01/08/2023, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e resolución das causas de abstención e recusación presentadas.

V.- En relación ao proceso selectivo de administrativa/o de administración xeral, consta na páxina web municipal as seguintes publicacións:

- Anuncio constitución do tribunal, e baremación de méritos da fase de concurso (14/09/2023).
- Anuncio de valoración da proba de coñecemento de galego (19/09/2023)
- Resultado test 1º exercicio (20/09/2023)
- Identificación das persoas aspirantes co resultado do primeiro exercicio tipo test e Plantilla coas respostas correctas do 1ª exercicio tipo test (21/09/2023)

VI.- O día 21/09/2023 as 13:28 hrs entra por Rexistro doc. nº 230298658 presentado por I.M Álvarez Canella, no que formula incidente de recusación contra o presidente do órgano de selección baseada na causa prevista no artigo 23.2 apartado e)." *tener relación de servizo con personal natural o jurídica interesada directamente en el asunto*", afirmando que "*En el caso que nos ocupa, por lo menos dos de las aspirantes que participan en el proceso trabajan en el mismo servizo que el Presidente del Tribunal Calificador.*"

VII.- Por Resolución de data 25/09/2023 a concelleira competente acordou: "*Suspender e o procedemento selectivo para a cobertura das tres prazas vacantes reservadas para a quenda de promoción interna, unha delas reservada a persoas con diversidade funcional e incluídas nas OEP dos anos 2017, 2018, e 2019 da 3ª Fase da Convocatoria (BOPPO 20/09/2022, DOG 14/10/2022) ata que sea resolto o incidente de recusación.*"

VIII.- Por dilixencia de 25/09/2023, se da traslado ao presidente do órgano de selección para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2023 11:24	Páxina 1 de 8
230302408	CSV: A3A237-B2C688-BA8DDB-MASVAF-KP3MWV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

informe do escrito presentado por I.M. Álvarez Canella. Na mesma data recíbese informe do Sr. Viturro Gómez nos seguintes termos: *"En primeiro lugar, antes de entrar de xeito pormenorizado na análise da motivación do meu informe, compre lembrar que as imputacións de algunha das causas de recusación taxadas na lei, deben ser referidas a persoas concretas e estar todas perfectamente identificadas de xeito claro e conciso, sen que poida dar lugar a ningún tipo de interpretación, e esa labor correspóndelle á persoa que presenta o incidente e non ao recusado.*

*No presente suposto, cando a recusante se refire a que "por lo menos dos de las aspirantes que participan en el proceso trabajan en el mismo servicio que el Presidente"... para acabar engadindo que "La otra competidora que también tiene el mismo grado de discapacidad mantiene relación de servicio con el presidente del Tribunal que nos va a calificar", non identifica nominalmente ás aspirantes referidas, tendo que interpretarse agora, entendendo que se referirá ás dúas das aspirantes que prestan servizos como auxiliares administrativas na Área de Recursos Humanos e Formación, Carrasco González. B. e Miniño Valverde. M.C, o igual que este informante, adscrito como técnico de administración xeral, pero sin que isto supoña para nada, tal e como se motivará a continuación, que exista con ningunha delas unha relación de servizo que supoña unha causa de abstención previstas na lei.*

*O aquí informante (agora recusado) leva prestando servizos como técnico de administración xeral (TAX) no Concello de Vigo, dende hai máis de 14 anos, primeiro no Organismo autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), en distintas Áreas (dende xullo de 2009 a xullo de 2022) e dende xullo de 2022 ata a actualidade, na Área de Recursos Humanos e Formación.*

*Durante todo este amplo período, o aquí informante coincidiu, no referido á realización no día a día das funcións do seu posto de traballo, con moitas compañeiras e compañeiros desta administración, e non só con aquel persoal que estaba adscrito en cada momento no seu mesmo servizo.*

*Polas características propias da miña praza e posto de TAX (tanto na XMU como actualmente na Área de Recursos Humanos e Formación) e a pesar de ser un posto base non singularizado nin ostentar ningún tipo de xefatura, é ineludible (e imprescindible) o contacto laboral diario e a participación conxunta na tramitación dos distintos expedientes administrativos, tanto con persoal do meu, como de outros servizos ou áreas desta administración.*

*Pero isto non implica para nada que exista unha relación de servizo con ningunha compañeira ou compañeiro, persoal ao servizo do Concello de Vigo, xa sexa da mesma área ou servizo no que figure adscrito en cada momento, ou de outro calquera desta mesma administración.*

*Non existe entre os funcionarios dentro da función pública unha relación de servizo.*

*E esta mesma postura é a que vén mantendo de xeito contundente a máis que consolidada xurisprudencia existente ao respecto, ben sexa a dos distintos Tribunais Superiores de Xustiza como a do propio Tribunal Supremo.*

*Citando a título de exemplo as consideracións das seguintes Sentenzas:*

*-Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Asturias, de 7 de novembro de 1997 (RXCA1997\2835):*

*"...la existencia de relaciones laborales como funcionarios entre la adjudicataria y alguno o algunos de los miembros de la Comisión de Valoración no implica necesariamente la concurrencia de amistad íntima con todos y cada uno de sus miembros, ni tan siquiera con aquellos con quienes les una relación de trabajo, a no ser que existan otros elementos de esa relación de amistad, cuando además la mera relación de servicios entre funcionarios no tiene cabida en la causa de recusación del apartado 2 e) del citado artículo 28 que la refiere a los servicios de los miembros del Tribunal de Valoración respecto de la persona o personas interesadas o haberle prestado servicios profesionales en los dos últimos años, de cualquier tipo, pues no existe entre funcionarios dentro de la función pública, una relación de servicio y menos del superior con el inferior.(...)"*

*-Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León de Valladolid, Sala de lo Contencioso-*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2023 11:24	Páxina 2 de 8
230302408	CSV: A3A237-B2C688-BA8DDB-MASVAF-KP3MWV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

administrativo en Sentencia 86/2010 de 20 Ene. 2010, Rec. 1739/2006 , que sinala :

"Prosiguiendo con la causa de abstención configurada en el citado apartado e) del artículo 28.1 sobre la existencia de relación de servicios, ha de entenderse que dicha relación de servicios no puede entenderse que concorra entre el funcionario y alguno de los titulares de los órganos de la propia Administración, por más que exista relación de jerarquía entre estos, sino que la relación se da entre dicho funcionario y la Administración pública en que se encuentra integrado, constituyéndose una relación funcional distinta a la relación de servicios prevista en dicha norma -el precepto literalmente expresa que la relación de servicios se ha de dar "con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto". Por ello no se da en este caso la relación de servicios entre el titular del órgano que formula la propuesta y el funcionario nombrado para el puesto de trabajo, y ello por más que entre ellos existiera una relación de dependencia jerárquica" (feito que no presente suposto nin sequera iso existe).

-Neste mesmo senso, a Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de decembro de 2012, Rec. 204/2010 de maneira clara e exhaustiva estableceu:

- "La «relación de servicio» que en dicho apartado es mencionada como motivo de abstención está referida a la relación entre empleador y empleado propia del vínculo de dependencia del contrato de trabajo, y no a la simple subordinación funcional que pueda haberse dado entre dos personas que, siendo ambas empleados públicos de la Administración o de cualquier ente público, realizan cometidos profesionales diferentes. Esto último es lo que ocurre entre los Letrados del Gabinete de este Tribunal Supremo y los Presidentes de sus Salas y sus Magistrados, que todos ellos prestan servicios profesionales en el mismo establecimiento público, haciéndolo con cometidos diferenciados, pero sin que exista entre ellos el superior vínculo de dependencia jerárquica que configura la relación empleador/empleado, pues unos y otros son empleados públicos al servicio del Estado, que es el empleador de todos ellos y para el que prestan sus servicios.
- Otra cosa sería que existiera entre esas personas la «amistad íntima» que encarna el distinto motivo de abstención c) de ese mismo artículo 28.1 de la Ley 30/1992. (ahora Ley 40/2015) Pero debe decirse que amistad «íntima» no es la simple relación de conocimiento personal que se deriva de la coincidencia como compañeros en el mismo centro de trabajo, pues lo que la caracteriza es un vínculo personal que se mantenga más allá del lugar de trabajo; esto es, el vínculo que se deriva de un trato frecuente o cotidiano al margen de la profesión que, por ello, demuestre esa superior proximidad afectiva que resulta necesaria para que se pueda hablar de «amistad íntima».

É dicir, a "relación de servizo" que prevé a lei na que se fundamenta como motivo de abstención o escrito presentado, está referida á relación entre empregador e empregado propia de dependencia do contrato de traballo e non a simple subordinación funcional (que neste caso nin existe) que poida darse entre dúas persoas que, sendo ambas empregados públicos da Administración ou de calquera ente público, realizan cometidos profesionais diferentes.

No presente suposto, tanto as funcionarias citadas ás que poida referirse o escrito presentado, como as demais participantes no proceso selectivo de promoción interna referido (incluída a persoa agora recusante, Álvarez Canella) e o aquí informante, somos todos empregados do mesmo empregador, o Concello de Vigo, para o que prestamos os nosos servizos.

Polo tanto, con ningunha delas existe relación de servizo, nin de amizade íntima, nin calquera outra relación que vaia máis alá do simple contacto no eido laboral, ordinario e necesario, motivado polo feito de prestar os servizos no mesmo centro de traballo, é dicir, no Concello de Vigo.

Polo exposto, salvo opinión mellor fundada e sen prexuízo do que decida o órgano competente, o abaixo firmante considera que non está incurso nin na causa agora alegada nin en ningunha das outras de abstención / recusación previstas na lei referidas ao proceso selectivo de referencia."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2023 11:24	Páxina 3 de 8
230302408	CSV: A3A237-B2C688-BA8DDB-MASVAF-KP3MWV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Causas de abstención e recusación

O artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón:

1. *Las autoridades y el personal al servicio de las Administraciones en quienes se den algunas de las circunstancias señaladas en el apartado siguiente se abstendrán de intervenir en el procedimiento y lo comunicarán a su superior inmediato, quien resolverá lo procedente.*

2. *Son motivos de abstención los siguientes:*

a) *Tener interés personal en el asunto de que se trate o en otro en cuya resolución pudiera influir la de aquél; ser administrador de sociedad o entidad interesada, o tener cuestión litigiosa pendiente con algún interesado.*

b) *Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato.*

c) *Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.*

d) *Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.*

e) *Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar.*

3. *Los órganos jerárquicamente superiores a quien se encuentre en alguna de las circunstancias señaladas en el punto anterior podrán ordenarle que se abstengan de toda intervención en el expediente.*

4. *La actuación de autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas en los que concurren motivos de abstención no implicará, necesariamente, y en todo caso, la invalidez de los actos en que hayan intervenido.*

5. *La no abstención en los casos en que concurra alguna de esas circunstancias dará lugar a la responsabilidad que proceda.*

O artigo 24 dedicado a Recusación:

1. *En los casos previstos en el artículo anterior, podrá promoverse recusación por los interesados en cualquier momento de la tramitación del procedimiento.*

2. *La recusación se planteará por escrito en el que se expresará la causa o causas en que se funda.*

3. *En el día siguiente el recusado manifestará a su inmediato superior si se da o no en él la causa alegada. En el primer caso, si el superior aprecia la concurrencia de la causa de recusación, acordará su sustitución acto seguido.*



CONCELLO  
DE VIGO



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

4. Si el recusado niega la causa de recusación, el superior resolverá en el plazo de tres días, previos los informes y comprobaciones que considere oportunos.

5. Contra las resoluciones adoptadas en esta materia no cabrá recurso, sin perjuicio de la posibilidad de alegar la recusación al interponer el recurso que proceda contra el acto que ponga fin al procedimiento.

## II.- Causa alegada- Relación de servizo con persoa natural o xurídica interesada directamente en el asunto. Aplicación ao caso concreto.

En relación coa interpretación que debe darse á causa concretada na letra e) do referido precepto, facemos nosa a remisión a xurisprudencia e argumentos do Sr. Vitorro no seu informe.

En efecto, ao respecto xa se pronunciara o Tribunal Supremo, en Sentenzas como a STS 12 decembro de 2012 (Rec. 204/2010); sinalando que:

*“La "relación de servizo" que en dicho apartado es mencionada como motivo de abstención está referida a la relación entre empleador y empleado propia del vínculo de dependencia del contrato de trabajo, y no a la simple subordinación funcional que pueda haberse dado entre dos personas que, siendo ambas empleados públicos de la Administración o de cualquier ente público, realizan cometidos profesionales diferentes. Esto último es lo que ocurre entre los Letrados del Gabinete de este Tribunal Supremo y los Presidentes de sus Salas y sus Magistrados, que todos ellos prestan servicios profesionales en el mismo establecimiento público, haciéndolo con cometidos diferenciados, pero sin que exista entre ellos el superior vínculo de dependencia jerárquica que configura la relación empleador/empleado, pues unos y otros son empleados públicos al servicio del Estado, que es el empleador de todos ellos y para el que prestan sus servicios.*

*Otra cosa sería que existiera entre esas personas la "amistad íntima" que encarna el distinto motivo de abstención c) de ese mismo artículo 28.1 de la Ley 28.1 de la Ley 30/1992. Pero debe decirse que amistad "íntima" no es la simple relación de conocimiento personal que se deriva de la coincidencia como compañeros en el mismo centro de trabajo, pues lo que la caracteriza es un vínculo personal que se mantenga más allá del lugar de trabajo; esto es, el vínculo que se deriva de un trato frecuente o cotidiano al margen de la profesión que, por ello, demuestre esa superior proximidad afectiva que resulta necesaria para que se pueda hablar de "amistad íntima."*


Non pode considerarse como causa de recusación que un membro do órgano de selección sexa ou fora superior dun aspirante na Administración pois *“no existe entre funcionarios dentro de la función pública, una relación de servizo y menos del superior con el inferior”* (STSJ de 7 de novembro de 1997, rec. 1359/1995; STSX de Madrid do 20 de novembro de 2015 (rec 657/2014), en suma, *“ser o haber sido compañero de trabajo de alguno de los aspirantes tampoco es causa de recusación”* (STSX de Valencia de 19 de maio de 2015, rec. 132/2013)

**Aplicación ao caso concreto.** I.M Álvarez Canella, formula incidente de recusación contra o presidente do órgano de selección baseada na causa prevista no artigo 23.2 apartado e). *“tener relación de servizo con personal natural o jurídica interesada directamente en el asunto”, afirmando que “En el caso que nos ocupa, por lo menos dos de las aspirantes que participan en el proceso trabajan en el mismo servicio que el Presidente del Tribunal Calificador.”*

Como xa adiantamos na primeira parte do presente fundamento xurídico non concorre a causa alegada pola Sra. Álvarez toda vez que non existe relación de servizo entre o presidente do tribunal e ningún dos aspirantes. Non existe relación de servizo entre funcionarios dentro da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2023 11:24	Página 5 de 8
230302408	CSV: A3A237-B2C688-BA8DDB-MASVAF-KP3MWV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

<b>CONCELLO DE VIGO</b>		<b>Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal</b>	<b>Área de RRHH e Formación</b>
-------------------------	---	--	-------------------------------------

función pública, senón que a relación de servizos dos funcionarios públicos é coa Administración (neste caso o Concello de Vigo), tampouco entre compañeiros de traballo e tampouco existe unha relación de servizo do superior co inferior, sendo diferente a relación de xerarquía que a relación de servizos.

Indicar que sorprende a causa de recusación presentada pola aspirante, elo porque é moi frecuente neste concello e aínda mais noutras administracións mais pequenas, que compañeiros de traballo coincidan como opositores e como membros de tribunais nos procesos selectivos, e elo non solo nos procesos de promoción interna, se non tamén nos de quenda libre.

Lembrar que carácter xeral para todas as prazas, os órganos de selección nomeados para os procesos selectivos son únicos para as quendas libre e quendas de promoción interna, sendo que é reiterado que en ambos supostos, persoas que traballan como persoal funcionario de carreira (promoción interna), ou como persoal interino (na quenda libre), no concello de Vigo coincidan posteriormente nos procesos selectivos con membros de tribunais cos que prestaron servizos nun mesmo departamento, servizo ou área. Non digamos no acceso a prazas de administración especial, ou persoal de oficios, onde a escaseza de persoas que reúnen os requisitos de especialidade fan case de xeito obrigado que os opositores foran ou sexan compañeiros de traballo dos membros do órgano de selección.

Convén por último poñer de manifesto a ardua tarefa de designación dos membros dos órganos de selección (310 persoas para as 31 prazas de esta terceira fase da OEP 2017, 2018, 2019), en primeiro lugar porque poucas persoas participan nos mesmos con carácter voluntario, e ademais é necesario conciliar os requisitos de especialidade, titulación, paridade e demais esixidos na convocatoria. Indicar tamén que para a formación dos mesmos solicitouse colaboración a outras Administracións: Xunta de Galicia, Diputación de Pontevedra, Concellos de Pontevedra, Vilagarcía, Redondela, A Coruña, Santiago, Ferrol, Ourense e Lugo, Universidade de Vigo e COSITAL, recibindo resposta de Diputación da Pontevedra, Concello de Pontevedra, Universidade de Vigo e COSITAL, todo elo co resultado obrante no expediente 38308-220.

Si fora preciso que non coincidan como compañeiros os opositores que traballaron ou traballan nos departamentos, servizos ou áreas do concello de Vigo con membros dos tribunais, sería absolutamente imposible configurar os órganos de selección para a execución das ofertas de emprego público.

### III. Suspensión

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, das Administracións Públicas:

O artigo 22 que leva por rúbrica "Suspensión do prazo máximo para resolver", dispón no seu apartado segundo que: *"El transcurso del plazo máximo legal para resolver un procedimiento y notificar la resolución se suspenderá en los siguientes casos:*

*c) Cuando los interesados promuevan la recusación en cualquier momento de la tramitación de un procedimiento, desde que ésta se plantee hasta que sea resuelta por el superior jerárquico del recusado."*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/09/2023 11:24	Páxina 6 de 8
230302408	CSV: A3A237-B2C688-BA8DDB-MASVAF-KP3MWV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

O artigo 74 do mesmo corpo legal: "Las cuestiones incidentales que se susciten en el procedimiento, incluso las que se refieran a la nulidad de actuaciones, no suspenderán la tramitación del mismo, salvo la recusación."

Logo da resolución do incidente de recusación procede levantar a suspensión acordada por Resolución da concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2023.

#### IV.- Competencia

En consecuencia, vistas as competencias recollidas no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local; vistas as Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 e vistas resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 08/06/2023 (BOPPO 05/07/2023), propónse a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

**Primeiro.-** Desestimar, en base aos fundamentos de este informe a recusación do presidente do órgano de selección promovida pola Sra. I.M. Álvarez Canella

**Segundo.-** Levantar a suspensión acordada por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/09/2023.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución á Sra. I.M. Álvarez Canella, aos membros do órgano de selección constituído por sesión de data 4/09/2023, e proceder a publicación da mesma na páxina web municipal.

**Cuarto.-** Contra a presente resolución non poderá interpoñerse recurso algún sin prexuízo de alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023 e 20/06/2023).- Olga Alonso Suárez

DECRETO:

Logo de examinar a precedente proposta, RESOLVO de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal



**CONCELLO  
DE VIGO**



Área de Goberno de  
Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

(resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

DOU FE,

A Secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 30-10-2023

El Secretario General

P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel Gonzalez Ucha

